

A «ASOCIAZÓN DE MULLERES GALEGAS NO EXTERIOR ROSALÍA DE CASTRO»: A LOITA POLA MEMORIA DAS MULLERES GALEGAS DESDE MADRID.

CÉLIA GARCIA

Galiza: a Terra Nai. As mulleres que ficaban na aldea mentres os homes marchaban a procurar vida fóra. As viúvas dos vivos. A loita pola dignidade da muller. A súa importancia no traballo da terra. A terra sementada por elas, polas nosas mulleres galegas, esquecidas. A nosa memoria, a nosa historia.

Estas son algunhas das ideas que xurdiron en Madrid, nunha cidade lonxe da Nai. As fillas escoitaron a chamada.

No ano 2000 un grupo de mulleres galegas comezaba a crear vínculos comúns, falaba das inxerencias, das plataformas inexistentes para as mulleres galegas en Madrid. Mulleres galegas, fillas de galegos e mulleres interesadas na Galiza redactaban os estatutos da asociación. Mediábase cada palabra, cada compromiso recollido no texto. Asinar os estatutos, traducilos ao galego, presentalos no Ministerio do Interior no 8 de marzo e agardar resposta... E por fin, o 14 de abril chegaba a follla na que se declaraba legal a «Asociación de Mulleres Galegas no Exterior Rosalía de Castro». Todas as mulleres galegas que residen fóra de Galiza foron convidadas a pertencer a esta asociación que leva o nome da máis egregia muller que deu Galiza: Rosalía de Castro.

A asociación foi presentada oficialmente no Ateneo de Madrid, centro cultural no que Celso Emilio Ferreiro creou a «Aula de Estudos Galegos». Era o Día das Letras Galegas, o aniversario da publicación de *Cantares Galegos* en Vigo no ano 1863. Tamén, ese mesmo día, nacía en Arteixo Don Manuel Murguía, no 1833, a quen estaba dedicado tan fermoso día.

O conferenciante foi o doutor Francisco Rodríguez. Os seus importantes estudos sobre a obra «rosaliana» ofreceron unha visión nova da escrito-

ra. E con esta ponencia foi presentada oficialmente a asociación en Madrid.

Nos meses seguintes descñáronse as liñas a seguir a partir de outubro. Fixáronse obxectivos a longo prazo: a organización de grupos de estudo, cursos abertos ao público con fins divulgativos, actividades de formación, tradución e publicación de textos, elaboración de publicacións, convocatoria de premios e certames... Moitas ilusións postas neste proxecto que se concretarían nun programa de actividades para realizar de outubro do 2000 a xuño do 2001.

Comezaba, deste xeito, a desenvolverse un amplo labor socio-cultural, encamiñado a salientar o papel das mulleres que, fóra da Galiza, foron e son capaces de representar a identidade galega nos diferentes estamentos, desde as tribunas ou as cátedras, nas diferentes manifestacións das artes e dos oficios, ata os traballos humildes e cotiáns.

Con este importante programa de actividades cúmplanse os fins da asociación e conseguíase o primeiro obxectivo: «O estudo e difusión do papel da muller galega na sociedade, a súa contribución, os problemas cos que se atopa, os problemas específicos da muller na emigración». O propósito de dar a coñecer a traxectoria das mulleres galegas a través da historia fíxose posíbel coa organización do seminario permanente «Mulleres Galegas: Onte e Hoxe.»

A primeira muller que participou no «Seminario de Mulleres Galegas: Onte e Hoxe» foi a historiadora e concelleira da Cámara Municipal de Santiago, Encarna Otero Cepeda, cunha conferencia sobre «A Historia de Galiza no espello das mulleres». Na librería Sargadelos, corazón da cultura galega en Madrid, o 18 de outubro ás oito da tarde, as grandes esquecidas da nosa historia falaban na voz de Encarna Otero: a «soldadeira» María Balteira no século XIII, a «revolucionaria» María



Con Mª Xosé Queizán

Castaña no século XIV, a «resistencia» de María Pita no século XVI, as senlleiras figuras de Rosalía de Castro, Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, Sofía Casanova e Carolina Otero, nadas no século XIX, e a pintora Maruja Mallo, xa no século XX.

A seguinte ponencia foi a da recoñecida escritora Mª Xosé Queizán, quen disertou sobre «A experiencia dunha escritora galega do noso tempo». Desde o Centro Galego, o 14 de novembro a autora achegáballes ás mulleres galegas de Madrid a súa propia experiencia como muller desde o punto de vista da súa particular profesión.

A terceira das mulleres convidadas pola asociación foi a escritora e profesora titular de Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela, Carmen Blanco, o 14 de decembro. «María Mariño Carou e as voces ocultas da poesía imposible» foi o tema que trouxo esta importante muller á Casa de Galicia. María Mariño, poeta descoñecida para moitos galegos e galegas, foi lembrada pola voz de Carme Blanco. A asociación de Mulleres Galegas no Exterior propuxo, ese mesmo día, que se lle dedicase a María Mariño o Día das Letras Galegas.

As demais conferencias pertencentes a este Seminario farán posíbel que Madrid fale en galego e coa voz das mulleres:

O 24 de xaneiro de 2001, a catedrática de Comunicación Audiovisual da Universidade de Santiago, Margarida Ledo, Andión, pronunciará a conferencia «Mulleres vendo mulleres» no salón de actos do Ateneo de Madrid. E, por último, o 25 de abril, a profesora titular de Literatura Española da Universidade de Santiago de Compostela, Cristina Patiño Eirín, achegarase á vida e á obra dunha das máis importantes mulleres galegas «Concepción Arenal: unha pensadora galega», na Casa de Galicia.

Paralelamente, outros proxectos se desenvolven: proxección de longa e curtametraxes en galego (o 14, 21 e o 28 de febreiro) ou unha mesa redonda sobre as «Mulleres, exilio e emigración» a cargo de Mª Victoria Villaverde Otero e Eva Lema Trillo (7 de marzo).

Unha das propostas máis innovadoras da Asociación é a exposición fotográfica que, co nome de «Homenaxe ás mulleres galegas na emigración», trata de amosar parte da historia, tanto da emigración como do exilio galego.

Un dos segredos mellor gardados, definidores da Asociación, é que as palabras de Rosalía de Castro foron as responsábeis do xurdimento desta asociación, nun poema pouco coñecido:

Más hay en su mirada una tristeza/de inefable amantísimo delirio,/que aumenta el resplandor de su belleza la llama santa de un feliz martirio!;Oh cuán amada por tus penas eres/mujer en quien esperan las mujeres.



Con Carme Blanco